

«A EXPERIENCIA DAS XORNADAS DE BANDA DESEÑADA DE OURENSE»

HENRIQUE TORREIRO, COORGANIZADOR

O marco socio-cultural da Galiza: particularidades do caso galego. • A pequena historia da BD na Galiza. • A experiencia das Xornadas de Banda Deseñada de Ourense: exposicións, actividades, convidados; algúns apuntamentos sobre o modo de traballo. • A Expofanzines: o catálogo e a exposición • Os límites entre fanzines e revistas. • ‘O Fanzine das Xornadas’: descrición e obxectivos • Proxectos e consideracións sobre futuro.

As Xornadas de Banda Deseñada de Ourense chegarán este ano, se nada falla, á súa décima edición. A pesar da súa evidente modestia orzamentaria —ningunha edición superou aínda os dous millóns de pesetas nos custes [1 dólar USA≅150 pesetas]—, teñen cultivada xa unha pequena fama en moitos países, sobre todo pola súa atención ao mundo dos fanzines. As páxinas que veñen a continuación pretenden dar a coñecer un pouco máis en que consiste esta experiencia de cultura de base, que, estimamos, pode ser facilmente aplicábel por outras institucións culturais en calquera lugar, e con respecto a calquera temática.

O «MARCO SOCIO-CULTURAL»: GALIZA

Ignoro se o lector ou lectora destas páxinas coñece a situación real do Estado español con respecto ás súas varias culturas nacionais. Para o caso de que non estea familiarizado coa mesma, non vén de máis facer unhas breves consideracións, imprescindibles para comprender completamente as motivacións que rexen proxectos culturais como estes aos que me vou referir. O Estado español, ente creado paseniñamente a través dos séculos da Idade Moderna, inclúe dentro de si varias “nacionalidades históricas” —tal e como son definidas pola actual Constitución democrática—, que entre as súas particularidades culturais contan con linguas de seu, distintas do castellano ou “español” e hoxe recoñecidamente cooficiais con el. Este respecto polas “culturas periféricas do Estado” non sempre existiu: no caso galego, por

exemplo, unha progresiva aculturación dos sectores urbanos e en xeral socialmente altos foi desprazando o idioma propio ao ámbito do rural, conseguindo valorizar o castellano como única lingua culta, ligada ao ascenso social. O proceso, que comezou a finais da Idade Media, non pasou a virar ata que, no século pasado, varios escritores románticos decidiran empregar a lingua galega para as súas creacións. Entre fins do XIX e principios do XX, o nacionalismo enraíza en boa parte da intelectualidade galega, e comeza a reivindicarse o idioma e a cultura propias da Galiza. O proceso de normalización cultural e lingüística practicamente foi paralizado coa chegada do réxime dictatorial de Franco — partidario claro do ‘unitarismo nacional español’— e non será ata a chegada da democracia cando a cultura galega empece a ter reflexo nas leis. A situación nos nosos días aínda é discriminatoria de facto para o galego, xa que os media están, na súa xigantesca maioría, centralizados en Madrid —e falan e son escritos maiormente en castellano—. O galego chegou ás escolas, e malia que a maioría das xeracións só foron alfabetizadas en castellano¹ o avance social ten sido moi evidente. Porén, fica moito por facer, e a cultura galega aínda é minoritaria e sometida a todo tipo de presións foráneas. A meirande parte dos que traballamos, voluntaria ou profesionalmente, nalgún campo da cultura na Galiza entendemos que o galego é a lingua que debe de ser empregada, xa que é a única que realmente responde ao espírito deste pobo noso aínda tan pouco normalizado en tantos aspectos. A opción que, como no caso das Xornadas, facemos polo uso do idioma galego non é casual, senón intencional, e, se ben a reivindicación lingüística non é nin moito menos o principal nelas, as Xornadas non poden entenderse desvencelladas do seu marco cultural galego.

Naturalmente, a principal intención das Xornadas é potenciar o coñecemento da Banda Deseñada, un medio de expresión que, no caso español, non ten aínda a categoría cultural que merece, e, por suposto, favorecer a creación dos autores galegos para conseguir un produto cultural propio. A banda deseñada, sexa pola súa complexidade técnica e carestía de reprodución, sexa pola pouca consideración cultural que recibiu tradicionalmente na nosa sociedade —na de toda a Península Ibérica, en realidade—, carece dunha mínima tradición cultural na Galiza, moi ao contrario do que ten sucedido

¹ Malia usaren habitualmente o galego na fala, para a maior parte da poboación aínda é especialmente dificultoso atribuír dous sons distintos a unha mesma letra: por iso a lingua galega, tan semellante á

coa literatura, que conta con nomes dourados de prestixio que trascenderon as nosas fronteiras —Rafael Dieste, Eduardo Blanco Amor, ou máis recentemente Suso de Toro ou Manuel Rivas, por poñer só uns exemplos—; temos que ir xa aos anos 70 para achar os primeiros achegamentos ao cómic, atopados realmente a través da emulación dun xénero si existente na tradición galega, o dos carteis de cego, da man do polifacético artista Isaac Díaz Pardo; virán logo os traballos de Reimundo e Antón Patiño e de Xaquín Marín, que combinaron o seu labor artístico en soporte tradicional coa experimentación no ‘novo’ medio. É nos primeiros 80 cando comezan diferentes xoves a crear e publicar cómics, entendidos xa como tales e sen ningunha intención de dotalos dunha aureola de ‘arte de galería’: surxen así experimentos como o fanzine *Xofre*, no que se dá a coñecer un inmaturo Miguelanxo Prado, que logo emigrará a Barcelona para voltar á súa terra xa con fama internacional²; diversas revistas amadoras acollen cómics nas súas páxinas, e finalmente unha serie de fanzines ourensáns unen as súas forzas e editan a revista *Frente Comixario* (a experiencia dura desde 1988 ata aproximadamente 1994, e nese tempo publican 6 números, outros dous títulos paralelos e un álbum, e coorganizan, coa Casa da Xuventude —e tamén co Colectivo Phanzynex despois—, as Xornadas de Banda Deseñada). Moito se ten avanzado na construción dunha banda deseñada galega, pero aínda fica moito por facer, e ese é precisamente un dos labores das Xornadas.

AS XORNADAS

Así pois, moitos obxectivos están unidos nesta nosa iniciativa cultural: como pode observarse pola traxectoria de case unha década de Xornadas de Banda Deseñada en Ourense, estes van guiados ao local, mais sempre mediante a maior apertura posíbel cara ao exterior. Ora ben, que é o que son as Xornadas de Banda Deseñada? Á diferenza co que acontece cos diversos Salóns e Festivais de B.D. que existen por todo o mundo, o compoñente comercial é practicamente inexistente no caso ourensán. Non é unha iniciativa empresarial, senón cultural; non se caracteriza polos seus grandes medios,

portuguesa —por seren ambas en orixe a mesma lingua—, ten que restrinxir graficamente sons como o “xe” (as grafías que en portugués son *g*, *j* e *x* en galego pasan só a *x*).

² Un rápido repaso á pequena historia da B.D. na Galiza pode atoparse no artigo “Algunhas reflexións sobre o cómic en Galicia” in AXEITOS, Xosé Luis, e SEOANE, Xavier (coords.): *O Cómic en Galicia*, Deputación da Coruña, A Coruña, 1993.

senón máis ben polo seu propósito de facer as mellores cousas cos mínimos orzamentos. Organizadas desde abaixo, con grande presenza do voluntarismo e grande atención ao didáctico e ao popular —entendido o *popular* no senso de non buscar continuar coa identificación de cultura só con certas formas tradicionalmente así consideradas e con certo tipo de elites socio-culturais—, as Xornadas aspiran a facer, dentro das súas posibilidades, unha mobilización multi-cultural, que interconecte o máximo número de ámbitos, presididos polos cómics; poden así observarse, dentro das Xornadas, actividades que percorren un amplo abano, desde as de difusión das técnicas de creación de B.D. e as de animación á lectura entre públicos infanto-xuvenís ata as proxeccións cinematográficas de filmes relacionados coa novena arte. Colaboración con gran cantidade de institucións, públicas e privadas, en vistas a intercambiar experiencias e materiais —caso das exposicións—; grande atención ao mundo da autoedición e os novos autores —os Concursos de B.D. para autores noveis, os fanzines,...—; e a preocupación polas edicións propias das Xornadas³ son algunhas das claves principais do rumbo desta modesta iniciativa.

As Xornadas de Banda Deseñada de Ourense naceron en 1989, pola conxunción entre o antes nomeado grupo Frente Comixario e a Casa da Xuventude de Ourense. O que nun principio non era máis que unha serie de actividades que ficaban practicamente restrinxidas ao ámbito dos locais da Casa, pouco e pouco foi abríndose paso no panorama cultural da cidade, ocupando con ‘novena arte’ as salas tradicionais de exposición —acadando nelas, por certo, algunhas das maiores cotas de visita de público á sala en todo o ano—. Mostras itinerantes de importancia dentro do Estado foron chegando a Ourense, como foi o caso de «Nuevas viñetas» —mostras dos anos 90, 91 e 92, recollendo boa parte dos máis vangardistas e innovadores xoves autores españois—, «Papel de Mujeres» —recollendo traballos das mulleres creadoras de cómics en España na actualidade—, «Una historieta democrática» —un repaso polos mellores autores españois dos anos da democracia: de Daniel Torres a Max, pasando por Cifré, Ana Juan, etc.—, «Cor e aventura en domingo» —pranchas de *sunday pages* americanas e europeas—, «TBO» —pranchas orixinais da máis antiga revista española dedicada á B.D., aínda en publicación desde 1917—, «El Jueves» —orixinais da revista de maior tiraxe das editadas no Estado dedicadas ao cómic, e pola que teñen pasado boa parte dos

³ Véxase o anexo de publicacións das Xornadas.

creadores españois—; tamén chegaron exposicións monográficas de grandes artistas españois da B.D., tales como Miguelanxo Prado, Gallardo, Jan, Tha ou Max; exposicións fruto dos contactos con Portugal, como as mostras «Más Criações» (1990) —o máis interesante da B.D. portuguesa do momento— «Arlindo Fagundes» (1990) —monográfica cos orixinais dun dos seus álbumes—, «4º Concurso de B.D. de Loulé» (1994), «Atelier de Técnicas Narrativas: Banda Desenhada» (1996) —da Fundação Calouste Gulbenkian—, etcétera. Cada edición está contando con arredor dunha decena de exposicións. Parte desas mostras viñeron cunha montaxe xa feita, pero en moitos casos o que se conseguiu foron orixinais que houbo que enmarcar e estruturar. A experiencia facilitou logo a creación de exposicións *ex profeso* para as Xornadas —desde as dos orixinais dos concursos, ou a colectánea de autores galegos «Debuxantes en Banda», ata mostras especialmente didácticas como a titulada «Xornalistas nos cómics»—, e unha cada vez maior presenza gráfica e explicativa a través dunha rotulación moitas veces vertida ao galego —cun *design* novo inclusive— e por suposto a través dunha introducción a cada unha das exposicións que poña en antecedentes sobre que motivacións existen en cada caso para incluír esa mostra nas Xornadas. Así pois, esa ‘cartelería interior’ adquiriu especial relevancia dado o carácter de didactismo que se lle quere dar a esta parte das Xornadas, a das exposicións, se non a máis importante —ao fin e ao cabo, unha páxina de B.D. non está feita para ser vista enmarcada, nunha sala de arte, senón impresa; de aí o noso interese en dar importancia e parte importante do orzamento ao apartado das publicacións⁴— si a máis visíbel ou evidente.

Mais non ficou nas exposicións, a cada máis de maior calidade, o contido das Xornadas. Desde un primeiro momento foron organizados cursiños, atelieres, presentacións de álbumes e revistas e proxectos diversos, debates, encontros e charlas, así como outras actividades tamén de acceso a públicos amplos como as proxeccións —primeiro en formato videográfico, e desde hai dúas edicións tamén cinematográfico—; por dúas ocasións fallaron nos últimos momentos actividades que unían o teatro co cómic (unha delas a versión dramática dunha B.D., e a outra de animación das exposicións con improvisacións entre o público). Para todas estas actividades, contamos con convidados especiais, que serviron para coñecer outras experiencias e para establecer novos vínculos con proxectos semellantes ao noso. Coñecedores da pouca fama

⁴ *Ibid.* Nota 3.

coa que pode contar unha sociedade como a nosa, con pouca afeizón ao cómic, preferimos xeralmente a presenza de persoas relacionadas coa crítica e a fanedición que os autores consagrados e afamados, o que non é óbice para que polas Xornadas non teñan pasado grandes autores españois da B.D. Entre esas visitas ilustres, profesionais da BD e a ilustración como Miguelanxo Prado, Xan López Domínguez, Gallardo, Luís Louro, Max ou Tha; entre os críticos e estudiosos, Agustín Fernández Paz, Faustino Rodríguez Arbesú e Norman Fernández —de *El Wendigo*—, Carlos Portela, Jesús Cuadrado, José Antonio Ortega; no mundo da fanedición, Juanvi Chuliá —editor por entón de *E.M.M.*—, Luan Mart —o editor de *Mono Gráfico*—, Juan Carlos Gómez —responsable da revolucionaria independente Camaleón Ediciones—, Andrea Parissi —responsable de Microphonie e hoxe da independente Cactus Cómics—, representantes de fanzines e asociacións como *Whoppitti Whop!* (Castellón), *TMEO* e *Napartheid* (País Basco), *Velho Pelicano*, *Comicate*, *Epitáfio* e *Quadrado* (Portugal), *Barzelona Cómic*, os franceses Cap'tain Nico e Loulou —de *L'Arghonaute*—, os brasileiros Bia Albernaz e Maurício Peltier —do *Almanaque de Fanzines* e a *Zine Mutante*—, etcétera.

A EXPOFANZINES

Dentro desa política de atención ao mundo da fanedición, lugar preponderante ocupa a Expofanzines. A «Exposición de Fanzines de B.D.» foi creada en 1990, para as II Xornadas. O que empezou como unha pequena experiencia con menos de medio centenar de títulos —españois, portugueses e brasileiros— cedo acadou resonancia noutros países ata chegar, na última edición, a superar con folgura os 800 títulos catalogados. A razón do 'éxito', parece indubidable, está intimamente relacionada coa edición dun folleto, o primeiro ano a fotocopias, no que se reseñan un por un os títulos presentes, coas principais características técnicas, un comentario e o enderezo de contacto. Dito folleto é remesado a cada un dos participantes, co que todos eles teñen referencias de todos os demais, e resulta xerada, así, unha sorte de exposición virtual que desliga a Expofanzines dos límites espacio-temporais das Xornadas. Este proceder foi repetíndose en todas as edicións; os propios fanzines foron facendo publicidade entre os seus colegas —caso ben evidente no Brasil—, de xeito que, aínda que cada ano se buscaban novos enderezos de contacto aos que facer chegar as convocatorias, paulatinamente foi facéndose cada vez menos necesario. Hoxe, estamos en

‘intercomunicación’ con publicacións da *small press* de vintecinco países de todo o mundo: Alemaña, Arxentina, Bélxica, Brasil, Canadá, Cuba, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estados Unidos, Finlandia, Francia⁵, Gran Bretaña, Holanda, Italia, Iugoslavia, Malta, Perú, Polonia, Portugal, Romenia, Suecia, Suíza e Turquía.

A Exposición funcionou, durante as súas primeiras edicións, como un sumatorio de todas as anteriores; o volume de exemplares chegou porén a facerse tan grande que cada ano agora xa só se expoñen as novidades chegadas desde a edición anterior. Os datos do catálogo, sen embargo, van actualizándose ano a ano, eliminándose así enderezos daqueles fanzines aos que xa non chegan as cartas. Desde a edición número 4, os fanzines non son só de BD: resultaba como tentar ‘pór portas ao campo’ querer exhibir fanzines relativos só ao cómic —principalmente porque a gran maioría dos fanzines son moi amplos na súa temática; é moi usual, por exemplo, que un mesmo fanzine dedique as súas páxinas á música e mais á B.D.—, e tampouco nos parecía ben desperdiciar interesantes iniciativas fanzinísticas que non tiñan nada que ver coa novena arte. Así pois, sen deixarmos de dar maior preponderancia a aqueles títulos con relación cos cómics, abrimos un apartado para *outras temáticas*. Máis complicado foi salvar a eterna cuestión das fronteiras entre ‘fanzine’ e ‘revista’. Sabido é que hai algúns ‘puristas’ que non acaban de dixerir que un *fanzine* sexa algo diferente a ese conxunto de fotocopias grampadas que caracterizou durante tempo o referente obxectual do termo. Sen ánimo de polemizar, somos da opinión de que ‘as árbores non deben tapar o bosque’, e de que non podemos esquecer que antes de que xurdira a palabra anglosaxona xa existían as revistas *amateurs*, sen ánimo de lucro —berce, sen ir máis lonxe, de moitos dos movementos de vangarda artística e literaria—; o facto de que o advenimento de novos métodos de reprodución (multicopia, xerocopia) e edición (computadoras) multiplicasen case infinitamente o número destas revistas non significa que nos atopemos cun novo fenómeno, senón co mesmo, amplificado. Consideramos «fanzine» tanto ao dignísimo fato de fotocopias de realización artesanal como aquela revista *amateur* que está realizada coas máis modernizadas técnicas de fotocomposición e impresión: non importa a aparencia, importa o contido. E iso parecen asumilo tanto unhas publicacións como as outras, xa que contestan á nosa convocatoria —o que constitúe a nosa principal

⁵ Precisamente o único —e por certo excelente— título procedente de África no noso catálogo é o francés *Le Cri du Margouillat*, editado na illa de Reunión, a carón de Madagascar.

clave para considerar *fanzine* unha revista: que os seus responsables se autocualifiquen como *faneditores*—. Malia todo isto, e dado que o termo *fanzine* tamén ten nalgunhas persoas resonancias pexorativas —algo así como ocorre coa palabra *afeizado*—, introducimos, xa na segunda edición, o termo «prozine» —que por outra parte non é ningunha invención nosa—, unha especie de ‘terreno de ninguén’ que servía para eliminar susceptibilidades e facía moi laxos os límites ante calquera clasificador especialmente meticuloso ou maniático.

O FANZINE DAS XORNADAS

O último paso no proceso de realzamento do protagonismo dos fanzines veu da man da «revista oficial» das Xornadas, que precisamente foi bautizada como *O Fanzine das Xornadas*. Necesitábase un maior apoio textual do ofrecido nas Xornadas, un maior contacto co público para integralo máis completamente nas súas actividades; máis dunha vez se intentara insertar unha páxina diaria nos xornais locais durante a celebración das Xornadas, pero por diversos motivos non existía unha grande predisposición nestes medios —aínda que o seguimento informativo é realmente moi amplo, como demostra calquera dos dossiers das Xornadas—; isto levou a perfeccionar o servizo de prensa —ata saber o que dicir, como e cando nas notas informativas que se lles envían— e finalmente, ademais, a elaborar un informativo propio, un medio que transmitise clara e axilmente os contidos e as intencións do noso pequeno proxecto cultural. Ao mesmo tempo, a revista tiña que ser útil para aqueles/as non afeizados/as aínda á B.D., e para os que si o eran; para os visitantes das Xornadas, e tamén para os que non o foran —a xeito de ‘tarxeta de presentación’—. Así, desde o primeiro número (1994), xunto con artigos relacionados co programa das Xornadas dese ano, a revista inclúe referencias a boa parte do mellor material chegado para a edición da Expofanzines. Desta vez, a idea non era só escribir sobre tal ou cal interesante fanzine, senón tamén abrir un oco para ver o que había dentro; puxemos en marcha algo que xa se viña facendo internacionalmente entre algúns fanzines, mais que no Estado español aínda era practicamente inexistente, polo traballo adicional que supón: a tradución dalgunhas páxinas de B.D. aparecidas en fanzines estranxeiros. Moitas veces nos tiñamos laiado da cantidade de excelentes autores existentes polo mundo adiante que xamais poderíamos ver editados no noso país

—e case seguro que en ningún outro do noso contorno—, así que decidimos dedicar polo menos unhas páxinas da revista a algúns deles. Podería parecer contraproducente, nun panorama cultural como o galego, onde non existen moitas alternativas para os autores locais para ver as súas páxinas publicadas, empregarmos unha parte do espacio dispoñíbel en autores foráneos. Porén, achamos que o feito de publicar a estranxeiros, amais de contribuír a un saudabilísimo intercambio cultural —a unha supresión real de fronteiras, que é a fin de contas unha das cousas perseguidas pola Expofanzines, e por unha boa parte (queremos crelo así) dos que traballamos polo movemento fanzineiro—, constituía un aporte de ar fresco e un revulsivo para o panorama local, que por suposto ten tamén moita cabida nas páxinas d’*O Fanzine*. Así, teñen aparecido nas páxinas da revista oficial traducións ao galego de cómics do holandés Marcel Ruijters, o estadounidense Steve Willis, os finlandeses Maria Björklund e Pauli Kallio/Ville Pirinen, o portugués José Carlos Fernandes, os británicos Richard Holland/Jonathan Edwards e Ilya (Ed Hillyer), o francés Bruno Issaly e os eslovenos Marina Zlender e Jakob Klemencic. Todos eles, debidamente acompañados dun nutrido grupo de xoves creadores galegos (Miguel A. Robledo, Manel Cráneo, Fernando Ruibal, Tito, Kiko da Silva, Luís Mato) que, cremos, non saen malparados da comparación cos convidados.

Había, sen embargo, un aspecto que non permitía fechar o círculo tanto como ocorría no caso da Expofanzines e o seu catálogo. Mentres que neste, mal que ben, os atrancos lingüísticos son superables —no caso máis extremo, os enderezos non necesitan tradución—, esa barreira xa parecía máis forte no d’*O Fanzine*. Non podíamos traducir ao inglés toda a revista, pero si os textos das BDs. Xa con anterioridade fixeramos suplementos informativos en tres idiomas (galego, español e inglés), que, axuntados ao catálogo, pretendían informar do decorrer das Xornadas; coa aparición d’*O Fanzine*, o suplemento pasou a conter esas traducións, só para os países non hispanos nin lusofalantes —cos que a facilidade de comprensión é, afortunadamente, moi grande—⁶. O investimento de esforzo demostrou pagar a pena, e *O Fanzine* é xa unha peza imprescindible dentro do entramado das Xornadas.

⁶ Empregamos o inglés como unha sorte de ‘esperanto afortunado pola realidade’: a nosa intención é facernos entender minimamente, coñecedores como somos de que, por máis empeño que poñamos, o

PERSPECTIVAS E PROXECTOS

O futuro das Xornadas pasa, incuestionabelmente, por mellorar o que xa existe. Enfrontámonos cunha décima edición que pretendemos que teña algo de especial. De momento, un dos nosos quebradeiras de cabeza é conseguir axilizar o proceso de envío das nosas publicacións, porque achamos máis lóxico que todos aqueles/as que colaboran poidan recibir as noticias o máis frescas que for posíbel. Por sorte, un adianto técnico vai permitir que polo menos a interconexión entre todos eses colaboradores e as Xornadas sexa máis rápida: o correo electrónico⁷ e Internet. Sen dúbida, se hai algo que poderá sacar da marxinalidade —da marxinalidade obrigada polas dificultades de distribución, enténdase— o mundo dos fanzines, iso será Internet e os seus *links*. Un dos nosos proxectos máis acariñados é levar adiante unha páxina *web* na que poida aparecer toda a base de datos da Expofanzines, que permitiría en moitos casos un contacto inmediato con *webs* e *e-mails* de todo o mundo. De momento, unha versión reducida do proxecto poderá ver a luz nos próximos meses, pero esperamos que poida chegar a facerse enteiramente realidade. Todo dependerá do problema que teñen todos os fanzines, e do cal somos partícipes: o voluntarismo non pode garantir a durabilidade dun proxecto, porque as ocupacións ‘obrigatorias’, as de subsistencia, poden facer que os voluntarios teñan que renunciar as súas actividades. Sempre queda, porén, a esperanza dun reemprazo; o mundo dos fanzines ten esa característica da futilidade que é, sen embargo, só aparente —acaban uns proxectos, mais nacen outros—. Difícil de matar é o mundo fanzineiro: esperemos que iso tamén se nos contaxie.

Ourense, abril de 1998

noso inglés nunca será totalmente correcto; o novo título do suplemento, *Tarzan English*, deixa ben claras as súas intencións.

⁷ O e-mail das Xornadas é **Erro! Indicador não definido.**

ANEXO:

PUBLICACIÓNS DAS XORNADAS DE BANDA DESEÑADA DE OURENSE

- *I Xornadas de Banda Diseñada de Ourense*, caderno co programa e a reprodución das BDs gañadoras do Concurso (1989).
- *Debuxantes en banda*, catálogo da exposición homónima (selección dos mellores desenhistas e roteiros galegos do momento) (1990).
- *Exposición de Fanzines de B.D.*, folleto catálogo dos títulos presentes (1990).
- *Cinema e B.D.*, folleto catálogo do ciclo de video-fórum (1990).
- *2ª Exposición Internacional de Fanzines e Prozines de B.D.*, folleto catálogo dos títulos presentes (1991).
- *A Banda Diseñada. ¡Ven facer cómics!* (1991), folleto didáctico infantil para a creación de BD.
- *I Certame Ourense de B.D.*, catálogo dos traballos seleccionados (1991).
- *VII Concurso Galego de Banda Diseñada*, reprodución dos traballos gañadores (1991).
- *3ª Exposición Internacional de Fanzines e Prozines de B.D.*, folleto catálogo dos títulos presentes (1992).
- *Cor e aventura en domingo*, folleto con artigos relativos á exposición homónima, creada orixinalmente polo grupo «El Wendigo» (1992).
- *II Certame Ourense de B.D.*, reprodución dos traballos seleccionados (1992).
- *VIII Concurso Galego de Banda Diseñada*, reprodución dos traballos gañadores (1992).
- *4ª Exposición Internacional de Fanzines e Prozines de B.D.*, folleto catálogo dos títulos presentes (1993).
- *III Certame Ourense de B.D.*, catálogo dos traballos seleccionados (1993).
- *IX Concurso Galego de Banda Diseñada*, reprodución dos traballos gañadores (1993).
- *5ª Expofanzines*, folleto catálogo dos títulos presentes (1994).
- *O Fanzine das Xornadas nº 1*, revista ‘oficial’ (1994).
- *IV Certame Ourense de B.D.*, reprodución dos traballos seleccionados (1994).
- *X Concurso Galego de Banda Diseñada*, reprodución dos traballos gañadores (1994).
- *6ª Expofanzines*, folleto catálogo dos títulos presentes (1995).

- *O Fanzine das Xornadas* nº 2, revista ‘oficial’ (1995).
- *V Certame Ourense de B.D.*, reprodución dos traballos seleccionados (1995).
- *XI Concurso Galego de Banda Deseñada*, reprodución dos traballos gañadores (1995).
- *7ª Expofanzines*, folleto catálogo dos títulos presentes (1996).
- *O Fanzine das Xornadas* nº 3, revista ‘oficial’ (1996).
- *XII Concurso Galego de Banda Deseñada*, reprodución dos traballos gañadores (1996)
- *8ª Expofanzines*, folleto catálogo dos títulos presentes (1997).
- *O Fanzine das Xornadas* nº 4, revista ‘oficial’ (1997).
- *XIII Concurso Galego de Banda Deseñada*, reprodución dos traballos gañadores (1997).

Amais dos trípticos dos programas e os cartazes de cada edición, e os dípticos das exposicións «Superlópez» e «TBO» (1994), e «Xornalistas nos Cómics» e «O cómic galego dos 70» (1995).

Henrique Torreiro Sebastián

Nacido en Ourense o 4 de abril de 1972

DNI 34.991.123-G

Domicilio: Rúa Manuel Murguía 15-5ºD, E-32005 Ourense (Galicia, Spain)

Fax: +34 988 24 99 30

E-mail: casaxou@teleline.es

Situación académica: rematando estudos no segundo ciclo da licenciatura de Historia.

Curriculum

—Animación cultural:

Presidente da Asociación Cultural e Xuvenil Phanzynex desde 1989. • Organizador da Expofanzines (Exposición Internacional de Fanzines de Banda Deseñada) desde 1990. • Coorganizador das Xornadas de Banda Deseñada de Ourense desde 1992. • Membro da comisión organizadora da Bienal da Caricatura de Ourense desde 1994. • Organizador da Mostra Ourenzá de Curtametraxes Amater (1995-96). • Secretario e coorganizador da programación cinematográfica do Cineclub de Padre Feijoo desde 1995.

—Cómic e Ilustración:

Varias historietas publicadas nas revistas de *Frente Comixario* (1990-93). • Folletos didácticos en formato cómic para o Concello de Ourense: «A Banda Deseñada» (1991), «A imaxe na escola» (3 títulos, 1993). • Folleto informativo «Manual de Instrucións da Casa da Xuventude de Ourense» (1995). • Deseño e ilustración de folletos para diversas actividades culturais. • Ilustracións para o número 2 da revista *Bravú* (1997).

—Xornalismo:

Dirección do programa radiofónico cultural «En Banda» (semanal, en Onda Cero-Radio Miño), de 1991 a 1997. • Elaboración dos catálogos anuais da *Expofanzines*, desde 1990. • Dirección e coordinación da revista *O Fanzine das Xornadas*, publicación oficial das Xornadas de B.D. de Ourense (anual), desde 1994. • Colaboración con diversos fanzines e revistas, como *Panacea* (Brasil) (1995-96). • Colaboración semanal cultural no programa «A Brújula-Ourense», de Onda Cero-Radio Miño, desde 1997.

Ourense, abril 1998